

FORMULARIO PARA O EXERCICIO DO DEREITO DE ACCESO A REXISTROS E FICHEIROS

DATOS DO RESPONSÁBEL DO TRATAMENTO

Nome / razón social: CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)
CIF: G36706927
Enderezo: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, n.º 10
Concello: Santiago de Compostela
Código Postal: 15703
Provincia: A Coruña
Correo electrónico: proteccion-datos@galizacig.gal

DATOS DO/A AFECTADO/A OU REPRESENTANTE LEGAL

D./D^a , maior de idade, con
enderezo n.º
concello provincia C.P.
con DI/NIF , con correo electrónico
e teléfono de contacto , por medio do presente escrito exerzo o dereito de acceso aos
ficheiros e rexistros nos que consten os meus datos persoais, consonte co previsto no artigo 15 do
Regulamento UE 2016/679, Xeral de Protección de Datos (RGPD).

COMUNICO E SOLICITO

Que fun informado/a e consinto que esta Entidade trate e garde os datos achegados na instancia e na documentación para as finalidades propias da mesma.
Que se me facilite, de balde e no prazo dun mes a contar desde a recepción desta solicitude, o acceso á información que se sinala e que se remita ao enderezo enriba indicado:

- Copia dos meus datos persoais que son obxecto de tratamento por ese responsábel.
- Os fins do tratamento así como as categorías de datos persoais que se traten.
- Os destinatarios/as ou categorías de destinatarios/as aos que se comunicaron ou van ser comunicados os meus datos persoais, incluíndo, no seu caso, destinatarios/as en terceiros ou organizacións internacionais.
- Información sobre as garantías axeitadas relativas á transferencia dos meus datos a un terceiro País ou a unha organización internacional, no seu caso.
- O prazo previsto de conservación ou, de non ser posíbel, os criterios para determinar este prazo.
- Se existen decisións automatizadas, incluíndo a elaboración de perfís, información significativa sobre a lóxica aplicada, así como a importancia e consecuencias previstas de devandito tratamento.
- Se os meus datos persoais non se obtiveron directamente de min, a información dispoñíbel sobre a súa orixe.

En a de de 20

Asinado:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

Responsábel	CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG) – CIF: G36706927
Finalidade	Tramitar procedementos e actuacións derivadas do contido da solicitude
Lexitimación	Consentimento outorgado
Destinatarios	Responsábel e/ou encargados/as do tratamento e, no seu caso, delegado/a de protección de datos.
Dereitos	Acceso, rectificación, cancelación, oposición, portabilidade, esquecemento e limitación
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte ligazón http://cig.gal/politica-proteccion-de-datos.html

INSTRUCCIÓN SOBRE CUMPRIMENTACIÓN DO FORMULARIO

1. Iste formulario utilizarase para o exercicio do dereito de acceso. Tal dereito non poderá exercitarse en intervalos inferiores a 12 meses, agás interese lexítimo debidamente xustificado.
2. Será necesario achegar fotocopia do D.I. ou documento equivalente que acredite a identidade e sexa considerado válido en dereito, naqueles supostos nos que o responsábel teña dúbidas sobre a súa identidade. No caso de que se actúe a través de representación legal deberá achegar, ademais, DI e documento acreditativo da representación que se ostenta.
3. A Axencia Española de Protección de Datos non dispón dos datos persoais e só pode facilitar os datos de contacto dos Delegados/as de Protección de Datos das entidades obrigadas a designalos/as. Tamén pode facilitar estes datos de contacto respecto daquelas entidades que designen un Delegado/as de forma voluntaria.
4. O titular dos datos persoais obxecto de tratamento debe dirixirse directamente ante o organismo público ou privado, empresa ou profesional do que presume ou ten a certeza de que posúe os seus datos.
5. Para que a Axencia Española de Protección de Datos poida tramitar a súa reclamación, no caso de non ser atendida a súa solicitude de exercicio do dereito de acceso, resulta necesario que percorra 1 mes desde a presentación da solicitude pola que exercita o dereito de acceso, e que achegue, xunto co escrito que, no seu caso, reciba do responsable do tratamento, algún dos seguintes documentos:
 - Resolución negativa ao acceso pretendido (de terse ditado expresamente)
 - Copia do modelo de solicitude de acceso selada polo responsábel do tratamento.
 - Copia do modelo de solicitude de acceso selada pola oficina de correos ou copia do xustificante do envío por correo certificado.
 - Calqueroutro medio de proba facilitado polo responsábel do tratamento e do que se poida deducir a recepción da solicitude.